

## A función directiva en Atención Primaria

Luís Verde Remeseiro

Presidente da Sociedad Española de Directivos de Atención Primaria (SEDAP).

Cad Aten Primaria  
Año 2008  
Volume 15  
Pág. 259-260

A introdución de parámetros de xestión no primeiro nivel asistencial, materializado mediante a creación das Xerencias de Atención Primaria, supuxo sen ningunha dúbida un importante revulsivo e avance para a nosa Atención Primaria. Os equipos directivos destas estruturas, ademais de proporcionar o necesario apoio aos centros e aos profesionais, foron e son fundamentais na introdución e afianzamento da cultura xerencial neste nivel asistencial, que tradicionalmente viña desempeñando a súa labor dunha forma moi distinta á que se suscitou coa reforma.

A función directiva en Atención Primaria, que nos seus primeiros tempos gozou de certo recoñecemento por parte da organización sanitaria e de prestixio profesional, estase vendo agora seriamente ameazada polo estancamento, tanto retributivo, como da valoración profesional que está recibindo, fronte á evolución das condicións de traballo e retributivas dos postos asistenciais. Este feito está condicionando moi seriamente a composición dos cadros directivos de Atención Primaria en boa parte das xerencias do país, sen diferenzas significativas entre unhas CCAA e outras.

Os Contratos de Xestión entre os servizos centrais das organizacións sanitarias e as Xerencias de Atención Primaria, xunto cos Pactos de Actividade destas cos centros asistenciais, permitiron modificar as sistemáticas de traballo, planificar a asignación de equipamentos e implementar de forma homoxénea o uso de guías clínicas e de protocolos de actuación e de traballo. Estas actuacións contribuíron a mellorar a calidade da asistencia prestada, baseada nunha maior accesibilidade e equidade na distribución e acceso aos recursos dispoñibles.

O feito de que as Xerencias de Atención Primaria podan xestionar, os seus orzamentos e recursos de forma descentralizada e próxima aos centros asistenciais, propiciaron que as dotacións e equipamentos dos mesmos se incrementaran e racionalizaran. Por outro lado esta fórmula permitiu sentarse na mesma mesa e falar de ti a ti cos responsables doutros niveles asistenciais, máis potentes dende o punto

de vista tecnolóxico e de consumo de recursos, pero que teñen que contar de forma ineludible coa Atención Primaria.

É verdade, que no transcurso deste esforzo de equiparación algúns centros e profesionais puideron verse lixeiramente lastrados por outros menos evolucionados, non obstante pode considerarse que o prezo pagou a pena, de cara a conseguir uns estándares mínimos para todos os cidadáns. Unha vez consolidada esta oferta asistencial básica, pódese traballar no aumento progresivo da carteira de servizos e no fomento dunha certa "san competencia" entre as diferentes unidades e servizos. Tamén é certo que nun sistema funcional como o existente na sanidade pública do noso país, moi tutelado e supervisado pola dirección, pódense perder importantes potencialidades, mesturadas co conxunto. É posible que se pecase dun exceso de paternalismo e protección, e que neste momento isto poda ser un condicionante para a resolución dos novos problemas e situacións que se nos presentan e os retos que sen dúbida teremos que afrontar nos próximos anos.

A ausencia dun liderado claro, xunto coa escasa preparación formativa e técnica para o traballo interdisciplinar de cada un dos grupos profesionais, dificultan a constitución de verdadeiros equipos, que compartan obxectivos e sexan capaces de xerar nos seus compoñentes actitudes de axuda mutua e de compromiso cos resultados a obter. É por iso que haberá que redobrar os esforzos formativos en diversos aspectos, entre os que cabe destacar a Xestión Clínica, xa que cada vez máis as decisións dos clínicos han de ter un peso maior no desenvolvemento das prestacións e asistencia que se dea ás persoas que acoden aos nosos centros.

A Sociedad Española de Directivos de Atención Primaria (SEDAP), naceu hai xa máis de doce anos, co obxectivo de constituír un foro de intercambio de experiencias e opinións no ámbito da xestión da atención primaria en España. Pode considerarse que é actualmente o foro profesional de referencia na súa especialidade a nivel estatal; as súas actividades pretenden ser un estímulo para as persoas e enti-

dades que dedican os seus esforzos de forma cotiá na mellora da xestión de Atención Primaria.

É neste ámbito, da promoción e o desenvolvemento da función directiva en atención primaria e na sanidade en xeral, onde a SEDAP

continuará, como o ven a facer ata o día da data, aportando a súa experiencia e a dos seus socios, e colaborando coas organizacións tanto públicas como privadas, que aposten pola mellora continua do primeiro nivel asistencial.